

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DOWN GALICIA, PARA O FINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DESTINADOS ÁS PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E DISCAPACIDADE INTELECTUAL E ÁS SÚAS FAMILIAS E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN PARA O EXERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

A Federación Down Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións có número 1998/000003-2ª tendo por finalidade coordinar, apoiar e impulsar a labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e das súas familias, a través da inclusión social e da utilización dos recursos comúns da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 está prevista unha subvención nominativa a favor desta entidade, polo que para a súa instrumentación, conforme ao previsto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, e en congruencia cos obxectivos citados, resulta conveniente a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Down Galicia para levar a cabo programas de atención a persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual, e as súas familias e o mantemento da entidade.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do mantemento da Federación Down Galicia e dos programas que a Federación Down Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2025 destinados ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias.

Os programas están orientados a promover a autonomía persoal, e artéllanse nas



seguintes áreas

1. Área de atención temperá:

a. Programa de atención temperá. O fin principal deste programa é ofrecer aos nenos e nenas de 0 a 6 anos coa síndrome de Down e as súas familias un conxunto de accións optimizadoras e compensadoras que faciliten a súa adecuada maduración en tódolos ámbitos e que lles permitan acadar o máximo nivel de desenvolvemento persoal e de integración social por medio dunha intervención global, logrando una mellor calidade de vida tanto para a persoa usuaria coma para a súa familia.

2. Área de formación e emprego:

a. Programa de formación para o emprego. O obxectivo deste programa é formar ás persoas coa Síndrome de Down e discapacidade Intelectual maiores de 16 anos que remataron ou que saen do sistema escolar obrigatorio, facilitando a consecución das maiores cotas de autonomía posibles para a súa participación na sociedade como membros de pleno dereito, e dotalos dos instrumentos necesarios para ampliar a súa formación técnica e mellorar así as súas posibilidades de inserción laboral

b. Programa de inclusión laboral (emprego con apoio). As actuacións centraranse fundamentalmente en prestar apoio no posto de traballo ás persoas usuarias.

c. Programa de orientación laboral. Desenvólvense actuacións de apoio á inserción laboral e á mellora da empregabilidade das persoas demandantes de emprego con discapacidade intelectual e/ou síndrome de Down en particular

3. Área vida adulta e independente:

a. Programa de autonomía e vida independente. A través deste programa preténdese proporcionar ás persoas coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual os recursos necesarios para a aprendizaxe de habilidades e destrezas relacionadas co desenvolvemento e autonomía persoal, para conseguir unha vida o máis autónoma e independente posible, de xeito que diminúan os apoios recibidos e os convertan en individuos activos socialmente e o máis autónomos posible.

4. Área transversal:

a. Programa de relacións institucionais.

b. Programa de constitución, dinamización e mantemento de redes de traballo.

c. Programa de coordinación interasociativa, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo.

d. Programa de captación de recursos.

e. Programa de administración e xestión.

f. Programa de accesibilidade.

g. Programa de comunicación, información e sensibilización social.

h. Programa de desenvolvemento tecnolóxico e comunicacións.

i. Programa de apoio e formación de profesionais.



j. Programa de calidade.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará un millón douscentos sete mil seiscientos oito euros (1.207.608,00€) que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.481.25, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

A dita cantidade destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade , relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira.

Na cláusula sétima do convenio prevese un anticipo de pagamento do 80% do importe da subvención, coa finalidade de que a entidade beneficiaria dispoña desde o inicio do exercicio económico da liquidez suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da execución deste convenio. Isto ben motivado porque ao tratarse de entidades sen ánimo de lucro, unha parte importante do seu financiamento procede das Administracións Públicas, e non contan coa liquidez suficiente ao inicio do exercicio para o desenvolvemento dos programas e actuacións que desenvolven para a atención ás persoas con discapacidade, o que implica ter que acudir a liñas de crédito con entidades bancarias en tanto non perciben o pagamento da subvención concedida, co sobrecusto que iso implica. Así mesmo, conforme aos antecedentes neste centro directivo, as subvencións concedidas en exercicios anteriores a esta entidade están sendo correctamente xustificadas en tempo e forma.

En consecuencia, e dado que ditas condicións de pagamento exceden dos límites previstos no artigo 63.1. un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme ao previsto no artigo 63.3 da dita norma para a tramitación deste expediente de gasto será preciso autorización do Consello da Xunta.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril , polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
A directora xeral de Persoas con Discapacidade
Begoña Abeijón Fernández

